

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. SAN XOÁN BAUTISTA DE CERDEDO.  
CURSO: 3º DE PRIMARIA  
MATERIA: MATEMÁTICAS.  
DEPARTAMENTO:  
DATA: ABRIL DE 2020.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (MATEMÁTICAS 3º)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
MT-B1.1	3º-MTB1.1.1 - Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada)..
MT-B1.2	3º-MTB1.2.1 - Planifica o proceso de traballo con preguntas apropiadas: que quero descubrir?, que teño?, que busco?, como o podo facer?, non me equivoquei ao facelo?, a solución é idónea?
MT-B2.1	3º-MTB2.1.1 - Le, escribe e ordena os números ata o 10.000.
MT-B2.1	3º-MTB2.1.2 - Aproxima números á decena, centena e millar.
MT-B2.2	3º-MTB2.2.1 - Realiza correctamente series tanto ascendentes coma descendentes.
MT-B2.2	3º-MTB2.2.2 - Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 10.000
MT-B2.2	3º-MTB2.2.3 - Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
MT-B2.3	3º-MTB2.3.1 - Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.
MT-B2.3	3º-MTB2.3.2 - Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.
MT-B2.3	3º-MTB2.3.4 - Realiza cálculos numéricos coa operación de división dunha cifra na resolución de problemas contextualizados.
MT-B2.4	3º-MTB2.4.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento.
MT-B3.1	3º-MTB3.1.1 - Identifica as unidades do sistema métrico decimal. Lonxitude, <b>capacidade, masa</b> ou peso.
MT-B3.1	3º-MTB3.1.2 - Mide con diferentes instrumentos elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.
MT-B3.2	3º-MTB3.2.1 - Suma e resta medidas de lonxitude, <b>capacidade e masa</b> en forma simple.
MT-B3.2	3º-MTB3.2.2 - Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.
MT-B3.3	3º-MTB3.3.1 - Coñece e utiliza as equivalencias entre diversas unidades de medida da mesma magnitude.
MT-B3.4	3º-MTB3.4.1 - Resolve problemas da vida real utilizando as medidas temporais e as súas relacións
MT-B3.5	3º-MTB3.5.1 - Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe de Matemáticas de 3º de Primaria
MT-B3.5	3º-MTB3.5.2 - Calcula múltiplos e submúltiplos do euro.
MT-B3.6	3º-MTB3.6.1 - Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas e de razoamento.
MT-B4.1	3º-MTB4.1.1 - Coñece e identifica os elementos básicos dos corpos xeométricos (lado, ángulo e vértice).
MT-B4.2	3º-MTB4.2.1 - Coñece e diferencia a circunferencia do círculo e distingue os seus elementos.
MT-B4.3	3º-MTB4.3.1 - Identifica corpos redondos e poliedros (prisma, pirámide, cilindro, cono, esfera...).
MT-B4.4	3º-MTB4.4.1 - Distingue entre ángulos agudos, rectos e obtusos.
MT-B4.5	3º-MTB4.5.1 - Obtén información puntual e describe unha representación espacial (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) tomando como referencia obxectos familiares.
MT-B4.6	3º-MTB4.6.1 - Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados utilizando estratexias heurísticas de razoamento.
MT-B5.1	3º-MTB5.1.1 - Recolle e clasifica datos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas ou gráficas.
MT-B5.1	3º-MTB5.1.2 - Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación.
MT-B5.1	3º-MTB5.1.3 - Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita.

Os estándares marcados en amarelo deberán ser obxecto de repaso e reforzo ao inicio do vindeiro curso.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: Revisión dos datos existentes da 1ª e 2ª avaliación. Observación do traballo de recuperación e ampliación do 3º trimestre (lembrando que nunca poderá supor un efecto negativo para o alumnado).
	Instrumentos: Controis escritos, diario de clase, listas de control, anotacións das revisións dos cadernos.
<b>Cualificación final</b>	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: valoración dos resultados das 2 primeiras avaliacións. Observación do traballo de recuperación e ampliación do 3º trimestre, valorando os avances e aplicando a debida flexibilidade, dadas as circunstancias do curso.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>           Criterios de avaliación: O equipo de avaliación teremos en conta os estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles do curso, aplicando a debida flexibilidade, dadas as circunstancias do curso.         </p>
	<p>           Criterios de cualificación: Valoraremos os datos obxectivos recabados durante o periodo de clases presenciais. Así como o esforzo neste periodo excepcional dende a declaración do Estado de Alarma. Quitámoslle peso ás consideracións sobre a participación e expresión oral, traballo en grupo e outros que non podemos traballar e valorar neste terceiro trimestre.         </p>
	<p>           Procedementos e instrumentos de avaliación: valoración dos avances naquelas aprendizaxes que non tiña adquiridas.            Instrumentos: controis e anotacións previas e traballo realizado.         </p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	A través da Aula Virtual, e para as familias con problemas de conectividade a Internet por fotocopias dende o concello.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p><u>ALUMNADO CON CONECTIVIDADE:</u> CADA SEMANA CARGAMOS AS EXPLICACIÓNS E AS ACTIVIDADES NA AULA VIRTUAL (coordinándonos co resto do profesorado). MANTEÑO CONTACTO CO ALUMNADO POLAS MENSAXES DAS AULA VIRTUAL E EÑO TITORÍAS SEMANAIS COAS FAMILIAS POLO CORREO ELECTRÓNICO, ONDE ME CONSULTAN AS DÚBIDAS. O CONCELLO RECOLLE OS TRABALLOS E MOS FAI CHEGAR AO MEU DOMICILIO, ONDE OS CORRIXO E PROCEDO A RETROALIMENTAR O TELETRABALLO.</p> <p><u>ALUMNADO SEN CONECTIVIDADE:</u> CADA SEMANA ENVÍOLLE AO CONCELLO OS DOCUMENTOS COAS EXPLICACIÓNS E AS ACTIVIDADES (coordinándonos co resto do profesorado). MANTEÑO CONTACTO COA MAIORÍA DE FAMILIAS POLO CORREO ELECTRÓNICO. Só unha familia de inmigrantes marroquís se comunica comigo a través de notas cando lle recollen os traballos ou do concello. O CONCELLO RECOLLE OS TRABALLOS E MOS FAI CHEGAR AO MEU DOMICILIO, ONDE OS CORRIXO E PROCEDO A RETROALIMENTAR O TELETRABALLO.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p><u>LIBROS DE TEXTO.</u> O concello levou a cada familia a totalidade dos libros de texto.</p> <p><u>FICHAS.</u> Escaneadas ou baixadas de Internet.</p> <p><u>ENLACES A PÁXINAS OU VÍDEOS DA REDE.</u></p> <p><u>AULA VIRTUAL E CORREO ELECTRÓNICO.</u></p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A parte de atoparse na páxina web do centro, en cada bloque de actividades de recuperación, reforzo e ampliación, xa se lle vai indicando (ao alumnado e ás familias) os estándares e competencias prioritarios.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.